



investigando A PROL DA IGUALDADE

by MECUSA & QUAN ZHOU

11 FEBREIRO

DIA INTERNACIONAL DA MULLER
E DA NENA NA CIENCIA



SÓ UN 30% DA COMUNIDADE CIENTÍFICA MUNDIAL SON MULLERES (Unesco 2020)

SE ES CIENTÍFICA, O TEU TRABALLO NON SE VALORA IGUAL CÓ DO COMPAÑEIRO HOME E A ESIXENCIA É MEIRANDE.

Con CV idéntico, unha muller valórase como menos competente, ofréceselle menos salario e ten menos oportunidades de crecemento (Moss-Racusin et al, 2012)

EN ESPAÑA EXISTE UNHA FENDA DE XÉNERO NO RECOÑECIMENTO DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA OU DOCENTE E EN CONVOCATORIAS DE PROXECTOS I+D

(Unidade de Mulleres e Ciencia Ministerio de Ciencia e Innovación, Abril, 2021)

TRABALLAR EN CIENCIA SENDO MULLER É UNHA DIFICULTADE ENGADIDA. SE, ADEMAIS, ES MULLER + (RACIALIZADA, LGTBIQ+, ETC) É AÍNDA MÁIS DIFÍCIL

Exemplo: en EEUU as mulleres negras ou hispanas que traballan en STEM gañan un 14% menos que as mulleres brancas nos mesmos postos (Pew Research Center 2019)



COMPAÑEIRAS CIENTÍFICAS
SENTEN QUE COMPAÑEIROS AS
TOMAN POUCO EN SERIO



OU ASUMEN QUE OS SEUS
POSTOS NON SON DE LIDERADO



ISTO FAI QUE, PARA QUE AS
TOMEN EN SERIO, ALGUNHAS
SE COHIBAN DE AMOSAR
ACTITUDES CONSIDERADAS
«FEMININAS»



➡ AXUDARÍA: ⬅



A CREACIÓN DE:

1. REFERENTES FEMININOS
2. PROGRAMAS PARA EMPODERAR AS CIENTÍFICAS
3. ESPAZOS NEUTROS E FERRAMENTAS PSICOEDUCATIVAS PARA PODER GANAR SEGURIDADE NO NOSO ESPAZO DE TRABAJO

PARA AS MULLERES, É DIFÍCIL CHEGAR A POSTOS DE LIDERADO CIENTÍFICO



Esta tía é superbore



E leva falora curta... que pouco profesional

E, CANDO CHEGAN, SENTEN QUE SON XUZGADAS CON MOITA DUREZA POR TODO O QUE FAN.

E QUE TEÑEN QUE DEMOSTRAR MÁIS COS COMPAÑEIROS HOMES



Teño que ser perfecta en todo o que fago

Porque sinto a presión de que represento a moitas mulleres

AXUDARÍA QUE:



AS PERSOAS E ENTIDADES CON RESPONSABILIDADE TOMASEN CONCIENCIA DESTA SITUACIÓN E TIVASEN VONTADE DE PROMOVER E IMPLEMENTAR POLÍTICAS DE IGUALDADE DE XÉNERO EN CIENCIA E INNOVACIÓN



ESTE AMBIENTE HOSTIL, AFECTA TANTO AO AUTOCONCEPTO COMO A AUTOESTIMA DAS CIENTÍFICAS

Cústame moito confiar en min mesma e nas miñas decisións laborais


Os meus compañeiros fíxanse máis en como visto ca nas miñas ideas

Sinto que os premios que me deron foron cuestión de sorte non os merezo

E CONTRIBÚE Ó "BURNOUT" DO TALENTO POLO SÓ FEITO DE SER MULLER.

ADEUS, CIENCIA!



An illustration of a hand holding a pipette, with a wavy line representing the liquid being dispensed. Surrounding the hand are various scientific icons: a test tube with green liquid, a beaker with blue liquid, a DNA double helix, an atom, and a yellow triangle. The background is a light purple gradient.

Nin a ciencia nin o talento
teñen

-XÉNERO-

POR ISO DEBEMOS SEGUIR LOITANDO POR
ESPazos DE TRAbALLO EN CIENCIA
INCLUSIVOS, EQUITATIVOS E SEGUROS